



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Resolución do 22 de abril de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se designa o tribunal que avaliará a proba externa do programa de dobre titulación de Bacharelato e de Baccalauréat para o curso académico 2020/2021.

O Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, modificado polo Real Decreto 95/2014, do 14 de febreiro, polo que se regula a ordenación das ensinanzas acollidas ao acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bacharelato e de *Baccalauréat* en centros docentes españois.

A Resolución do 9 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula a incorporación ao programa de dobre titulación de Bacharelato e *Baccalauréat*, *Bachibac*, en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2017/18.

A Resolución de 21 de setembro de 2020, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se ditan instrucións relativas ao programa de dobre titulación *Bacharelato-Baccalauréat* correspondentes ao curso 2020/2021.

A Resolución do 24 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se convoca a proba externa do programa de dobre titulación de Bacharelato e de Baccalauréat para o curso académico 2020/2021 e se ditan instrucións para o seu desenvolvemento.

Co fin de coordinar a organización e desenvolvemento da proba externa para a obtención da dobre titulación de Bacharelato e de *Baccalauréat*, é necesario nomear o tribunal avaliador.

En virtude do cal, e en exercicio das súas competencias, esta Secretaría Xeral

RESOLVE

Primeira.

Nomear como membros do tribunal avaliador da proba externa as seguintes persoas:

Presidenta: Dona Mar Villaverde Lamas, funcionaria do corpo de profesores de Ensino Secundario na especialidade de Francés.

Vogal Secretaria: Dona Sonia Vázquez Gómez, funcionaria do corpo de profesores de Ensino Secundario na especialidade de Francés.





Vogal: Don Fernando Prieto Valdés, funcionario do corpo de profesores de Ensino Secundario na especialidade de Xeografía e Historia.

Segunda.

As funcións e competencias deste tribunal quedan reflectidas no artigo sexto da dita Resolución do 24 de marzo de 2021.

José Luis Mira Lema

Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

